

LAB.

Manifiesto para un Laboratorio dos Comúns

Presentamos este documento coma manifesto inicial para a constitución dun **Laboratorio dos comúns** na Coruña: **Un espazo aberto de investigación e proposta, que facilite o estudo e desenvolvemento sobre diferentes ámbitos da denominada “cultura dos comúns”,** partindo das éticas da Cultura Libre e a Sociedade Distribuida e en Rede.

1. Argumentario de causas para a creación dun LAB dos Comúns

As comunidades precisamos facilitación, canles e recursos para desenvolver alternativas ao modelo social-político imperante, para nos tornar sustentables e humanas; alternativas que promovan modos de vida conscientes, culturas e éticas que coloquen ás persoas e o coidado dos recursos comunes en primeiro plano.

O medio que propoñemos para recuperar, desenvolver e implementar no real experiencias -xa nosas- que nos coloquen no camiño certo para chegar xuntas a eses modelos, éticas e culturas, prodúcese mediante a apertura de espazos de I+D, con características específicas que aseguren independencia, recursos e metodoloxías axeitadas.

Comezamos describindo algunhas das vantaxes -dende o punto de vista democrático- de crear un espazo de investigación e desenvolvemento dos comúns na cidade, espazo aberto e en relación directa entre iguais coas institucións:

Punta de lanza na rexeración democrática, dende a integración dos procesos colectivos existentes.

Contamos xa co potencial para iniciar a formulación destes modelos e procesos, e compre activar axentes para levalos a cabo, moitos deles xa en rede e con prácticas en todo o país. Certo número de proxectos, colectividade e axentes traballan en Galiza dende a autonomía ou hibridando con institucións, en áreas de traballo e pesquisa que poden ser

conectadas dende un LAB onde se promova a praxe, se xeren sinerxias e interrelación entre eles, se poñan a disposición recursos e se asegure unha canle de comunicación adecuada que dinamice a participación de potenciais novos axentes e persoas.

Este modelo de laboratorio integrador e participativo pode funcionar ademais coma modelo para outros territorios afíns que poidan recoller a experiencia e integrala por todo o país e alén, facendo #rede e promovendo un retorno multidireccional que forneza a resiliencia dos comúns.

Autonomía institucional nos procesos: Un seguro democrático para o desenvolvemento da ciencia da cidadanía/aldeanía.

Implementar un proceso autónomo e independente de formatos, forzas políticas ou institucións específicas, permitirá o desenvolvemento de proxectos comunitarios a longo termo, sexa cal for a situación política na cidade e na comarca. A capacidade do actual goberno para fomentar un proxecto deste tipo é unha vantaxe de suma importancia neste sentido e neste preciso momento.

Sabendo que a cultura é un eixo transversal a todo desenvolvemento humano, este LAB se articulará dende a perspectiva da cultura dos comúns, a cultura libre e a cultura colaborativa en rede (p2p).

2. Formato do LAB

Concíbese coma un **LAB permanente** que intervirá mediante diferentes fases de estudo, traballo e implementación en rede a través dos seguintes formatos:

- 1. Oficina/residencia presencial permanente:** Encontro, estudo e traballo colaborativo.
- 2. Espazo de traballo e documentacion online.**
- 3. Encontros temporarios e outros eventos:** Conversas, hackatóns, obradoiros, etc.

Funcións do espazo presencial:

- O encontro, confluencia e trocas entre persoas.
- A optimización de esforzos entre as praxes actuais nas áreas que afronta.
- Mostra e visibilización dos procesos afíns que acontecen no territorio.
- A Interacción con outros axentes e procesos.
- Fomento das sinerxias do que xa está a acontecer.
- Permite escalar os proxectos.

Funcións do espazo virtual:

- A facilitación de ferramentas de coordinación e proxectuais.
- O traballo a distancia e colaborativo en tempo real.
- A documentación en código e dato abertos dos procesos xerados no LAB.
- A promoción e comunicación do acontecer do LAB.
- A conexión e achegamento a outras redes e territorios físicos e dixitais.

Principios de funcionamento do Laboratorio dos Comuns

- Espazo Autonomo: É unha "Institución dos Comúns" independente, nunha relación p2p (Distribuída e entre iguais) con outras institucións públicas ou privadas.
- É un espazo aberto e inclusivo, rexido por metodoloxías horizontais e assemblearias.
- É un espazo xerativo e Receptivo do ámbito "Glocal" (barrio, cidade, país, eurorrexión, internacional) que promove a "activación" de novos axentes.
- Favorece a resiliencia da Sociedade en #Rede: É un sistema que promove a autonomía do procesos e axentes que participen nel.
- Xestiona os recursos de xeito transparente e público.
- Promove o acceso aberto ao coñecemento e recursos xerados mediante o uso de licencias, ferramentas e metodoloxías libres.
- [...]

3. Liñas de pesquisa e desenvolvemento:

Dende a experiencia nos procesos dos colectivos que conforman a Rede GZimaxinaria, observamos unhas áreas ou liñas de I+D xerais posibles:

Outras Territorialidades

A comprensión dos diversos "territorios" que acontecen dentro do ámbito social -que non so xeográfico- da nosa cidade/comunidade, nos leva á necesidade, nunha primeira fase, de potenciar o seu recoñecemento e mapeo para quebrar concepcións xeopolíticas limitantes dende a perspectiva institucional rixida, e así fornecer os procesos que fan destas outras territorialidades o seu cotiá.

Tamén, e dende a necesidade -case de memoria histórica- de retomar a conciencia sobre a ruralidade que é base cultural das nosas sociedades, queremos potenciar a reubicación do espazo rural no nivel de percepción cultural que merece dentro do modelo productivo galego, xerador de acervo, innovación, etc. e tamén coma repositorio das culturas de cooperación, das relacións humanas de proximidade e coma ámbito de conservación do patrimonio material e inmaterial da nosa cultura.

Novas Institucións

Case que o ámbito de estudo mais directamente relacionado cos procesos de innovación cidadá e democracia directa, esta área de estudo vai centrada no recoñecemento do poder distribuído que compre xerar para equilibrar, politicamente, culturalmente, a nosa sociedade respecto ás institucións convencionais.

O contrato social, a revisión neste momento, ten un futuro posible através do empoderamento das persoas mediante a potenciación, visibilización e implementación a maior escala das tecnoloxías sociais e de organización que poden xerar novos modelos de institucionalidade, que coloquen as libres e creativas decisións das persoas no mesmo rango que os poderes dominantes.

Economías alternativas

Case coma campo de estudo central inicial, debido á forte presenza que a economía ten en relación co resto de ámbitos das nosas comunidades sociais, propoñemos esta área para estudar e desenvolver outros xeitos de comprensión dos ecosistemas económicos, revertindo a dirección no eixo global-local e plantexándoo dende as necesidades reais da nosa cidade, asumindo tamén a necesidade de xerar incidencia directa de volta sobre a economía global.

Plantexamos, nesta área, un **proxecto de investigación e desenvolvemento dun sistema de economía social complementaria para a cidade**, que inclua o desenvolvemento dunha potencial moeda social na cidade, integrada con políticas de inserción laboral, através da promoción dun modelo de mercado ético e a innovación sobre os tecidos productivos, onde o concello podería ser co-dinamizador e a cidadanía en total beneficiaria.

Os obxectivos:

Á cidadanía: sexa cal for o seu status -mais tendo en conta as necesidades de redistribución e equilibrio-, e paralelamente á economía global €, mellorar a súa capacidade de acceso aos dereitos universais básicos, coma alimentación, vivenda, saúde e coidados, educación. Asimesmo, rango social e desenvolvemento persoal.

Ao concello: xerar dinámicas que potencien modelos autosustentables superando o asistencialismo e a beca á excelencia, e retomar a aldea comunitaria e o empoderamento das persoas entre iguais, o cal é en última instancia tamén un seguro democrático.

Creación Interactiva

Contemplamos a creación coma un proceso producido dende a interacción que se desenvolve de xeito recíproco entre dous ou máis elementos, os cales por medio da suma de expertices, capacidades e visións, e mediante procesos de liberación do coñecemento e o uso de licencias abertas, porporcionan unha intelixencia colectiva e innovación que beneficia ao común.

Os potenciais axentes implicados na interacción nos procesos criativos deste Lab poden ser persoas ou colectivos que practican labores nos ámbitos da pesquisa, as artes, o medioambiente, a crianza, as tecnoloxías, a industria, a xestión, o deseño, as ciencias, o ámbito xurídico, social, económico, etc., e en calquera ámbito que teña un entronque cos comúns.

A necesidade de afrontar estes procesos creativos fora dos ámbitos sectoriais específicos, xurde dende a vontade de afrontar unha nova era na que xeremos novos ecosistemas que precisan dunha visión integral na que diluimos compartimentos estancos e promovamos sinerxias colectivizadas para promover comunidades empoderadas dende as capacidades distribuídas.

Tecnoloxías Sociais e Dixitais

Comprendemos que existe unha integración entre os conceptos de tecnoloxías sociais e dixitais, integración que na contemporaneidade ven dada pola facilitación permanente que

as tecnoloxías dixitais da chamada “sociedade do coñecemento” aporta á capa sociocultural “analóxica”, coma se extrae das ideas da Cultura Libre, aplicable a tódolos ámbitos de desenvolvemento e relacións sociais (R. Stallman), coma se deriva tamén dende a observación fora do ámbito tecnolóxico das premisas da ética Hacker fronte á vella ética protestante do traballo (P. Himmanen), e tamén na asunción da cultura da comunicación e das #redes, que modificaron de xeito importante as relacións e proxeccións interpersoais.

Dende aí, os estudos nesta área van necesariamente dirixidos a nutrir por unha banda, os procesos dos comúns en canto ao estudo e implementación de ferramentas democráticas de consenso, facilitación e auto-xestión, e por outra a investigar e desenvolver sobre tecnoloxías dixitais que favorezan eses procesos de desenvolvemento colaborativo, a documentación dos mesmos, e a visibilización e comunicación entre axentes dos comúns e as comunidades.

Tamén, é un campo de traballo que vai revertir no coñecemento e deseño de tecnoloxías dixitais avanzadas para todo o resto de áreas do LAB.

4. Fases de implementación

De todos eses eidos de investigación, estamos propoñendo comezar con un ou dous proxectos iniciais, que permitan a configuración deste LAB dende a práctica.

Para chegar a esa fase práctica, prevemos unha serie de fases anteriores, necesarias para configurar este espazo común. A disposición destas fases implican a definición do rol do concello tamén en dúas fases esenciais: A primeira, por necesidade, coma interlocutor e facilitador na definición autónoma do LAB e no acceso aos recursos iniciais, e tamén coma validador fronte a outras institucións que podían interesarse na colaboración durante os procesos. Nunha segunda fase, o concello virará observador, potencial receptor e parceiro na posta en práctica dos desenvolvementos xerados no LAB, comprendendo que os comúns son un espazo de praxe e sinerxias compartidas entre iguais para as comunidades, onde o concello vira un axente ou engranaxe mais mediante a organización dos recursos públicos.

O grupo de coordinación inicial será temporal e terá a clara funcionalidade de xerar un corpo e metodoloxía que en fases mais avanzadas debe tornarse rotativo por necesidade, mediante a apertura á inclusión e trasbase de metodoloxías a outros axentes, progresivamente dun xeito orgánico, mediante procesos de acompañamento e aprendizaxe empírica, distribución de responsabilidades e revisión do proxecto.

1. Fase de Nivelamento:

Encontro e recoñecemento entre axentes iniciadores.

2. Fase de Definición:

Concreción das áreas de I+D e protocolos iniciais.

3. Fase de Financiamento e Recursos:

Procura de recursos e financiamento para fomentar a sustentabilidade dos procesos e axentes.

4. Fase de Inicio do LAB:

Chamada aberta a novos axentes para formar un equipo inicial de coordinación de proxectos.

Establecemento dos espazos comúns e forzas de coordinación.

5. Fase de Deseño da Praxe:

Deseño de protocolos e metodoloxías de traballo.

Apertura de espazos físico, espazo online e previsión de eventos.

Deseño de plan de comunicación do LAB.

Deseño da sistematización da documentación, os retornos e a valoración do procesos.

6. Fase de Apertura:

Chamada aberta a mais axentes para I+D sobre os proxectos iniciais e estudo da integración de novas propostas de desenvolvemento.

Fomento do campo contextual: Presentación, mediante conversas dinamizadas por axentes validados, dos conceptos e ideais que dirixen a creación do LAB.

7. Fase de Investigación e Desenvolvemento:

Inicio dos procesos de I+D.

Documento presentado pola Rede imaxinaria | Gzimaxinaria.

12 de Maio de 2016

<http://imaxinaria.org>